

**Bloque Nacionalista Galego**  
Avda. Rodríguez de Viguri, 16 baixo  
15703 Santiago de Compostela  
GALIZA  
Correo: [sedenacional@bng.gal](mailto:sedenacional@bng.gal)  
Teléfono: 981555850



Galiza, 17 de xullo de 2018

## Á atención da dirección e o Pleno da Real Academia Española,

dirixímonos desde o Bloque Nacionalista Galego (BNG) a vostedes en resposta ás constantes faltas de respecto que a institución ten proferido contra a lingua galega e a lexislación que recoñece e garante os dereitos lingüísticos do noso pobo.

Coñecen sobradamente as súas personalidades o artigo 10 da Lei 3/1983, de Normalización Lingüística aprobada por unanimidade no Parlamento de Galiza hai xa 35 anos e que establece como única forma legal dos topónimos galegos a súa xenuína forma, isto é, a galega.

Porén, desde hai tempo a Real Academia Española (RAE) vén amosando un desleixo absoluto cara á este texto legal e o idioma galego, promovendo e xustificando o uso de formas deturpadas da nosa toponimia como Sangenjo, Orense ou Mugía. Para tal despropósito defenden vostedes e a institución á que representan que os devanditos termos refliten a “grafía en castellano” e a “forma tradicional española” á hora de nomear estes lugares.

O que se practicou con estes topónimos non foi unha tradución, foi a súa adaptación forzosa á lingua española por posuíren fonemas inexistentes en castelán. Como é que, en nome desa suposta adaptación, a RAE non considera lexítimos chou (inglés show) ou Yeneralitá (catalán Generalitat), xa que esa é a fonética común dos español-falantes?

O seu argumentario, co que pretenden discutir e deformar o disposto na Lei de Normalización Lingüística, reflicte até que punto queren alterar o idioma propio de Galiza e a súa xenuína toponimia en nome do imperio do idioma oficial do Estado, o español.

O galego é unha lingua milenaria e os nomes dos nosos lugares pertencen a unha historia que non pode ser alterada a vontade dunha autoridade académica entregada, alén do máis, a intereses para nada lingüísticos arrogándose a potestade de mandar non só sobre a súa lingua senón sobre aquelas outras que pertencen a pobos diferentes con idioma de seu.

Desde o Bloque Nacionalista Galego (BNG) non podemos tolerar a súa actitude e exixímoslles respecto cara ao idioma propio de Galiza e todas e cada unha das palabras que emanan del. Como institución, deberan desculparse publicamente co conxunto do pobo galego.

Sen outro particular e agardando que muden a súa actitude, reciban un cordial saúdo.

**Olalla Rodil**  
Deputada do BNG no Parlamento de Galiza